

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 26 DE FEBREIRO DE 1996.- -**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vinteseis de Febreiro de mil novecentos noventa e seis; ás seis da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 12 de Febreiro pasado.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Examinadas as solicitudes presentadas e os informes emitidos polo Aparellador Municipal, concédese licencia para a execución de obras, salvo os dereitos do común e sen prexuízo de terceiros, ós seguintes señores, a cal licencia non terá efecto sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación provisional do Sr. Interventor, a resultas da definitiva, por unanimidade:

A **Don María Amil Fernández**, veciña de San Cristovo, con domicilio na rúa do Muíño, 3, do devandito lugar, poida ampliar unha vivenda composta de semisoto e planta baixa; previo o comezo das obras deberá presentar no Concello o nomeamento de Aparellador ou Arquitecto Técnico.- As obras en cuestión executaranse segundo proxecto presentado visado en data 2 de Febreiro de 1996.- Para responder de posibles danos na vía pública depositará unha fianza por importe de 80.000 pesetas. A validez desta licencia é de seis meses a partir da súa notificación. Erguese a definitiva a liquidación provisional practicada ós efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras desta licencia, o cal importe é de 276.888 pesetas.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-**

Visto o escrito de Don Julio Rivas Guntín, veciño de San Cristovo, no que interesa certificación municipal de situación dunha vivenda sita na Estrada do Carballiño (fronte á fonte), no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di o seguinte: "Clasificación do solo.- Está situada na área do Estudio de Detalle San Cristovo Travesía.- Ordenanza de aplicación, 3.3.2. U.M. Usos Mixtos grao A.- Cabe destacar B+2, tres plantas e na súa marxe dereita a edificación dá fronte ó camiño do Muíño, quedando parte desa edificación fóra de aliñación".

Visto o escrito de Don Modesto Pontes Sánchez, veciño de Ourense, con domicilio na rúa Avda Xoán XXIII, núm.12, no que interesa condición de parcelación dun solar sito entre a Avda. de

Redondela e Estrada de Francelos, nesta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servizos técnicos do Concello, que di: "Apórtase unha memoria e planos subscritos polo Arquitecto Luís Antonio Chao Gómez, titulado Proxecto básico e de execución de parcelación con visado 22 de xaneiro de 1996.- As condicións urbanísticas para o fraccionamento da propiedade con referencia catastral 04189 tense que facer en base ó que determinan as NN.SS.M., como o Decreto 140/1989, do 19 de Outubro sobre habitabilidade das vivendas e normativa concurrente.- A parcela de referencia habera de aplicarsélla Ordenanza 4.1. RC, residencial cerrada.- Cabe destacar: Aliñacións e rasantes, as do planeamento.- Condicións de edificación en 4.1.4.4 e para o caso concreto que nos ocupa é altura de cornisa 20 metros, número de plantas B+5 (6) e fondo de edificación 20 metros.- Estas medidas consideráanse como únicas, nin máxima nin mínima.- Considero que dada a situación do parcelario e desenrolo real do urbanismo en Ribadavia poderán considerarse como máximas, sendo unha interpretación das NN.SS.M..- 4.1.4.2.. Condicións de parcelación, solar mínimo 60 m<sup>2</sup>; fronte mínima, 6 metros.- Poderán admitirse dimensións máis pequenas por xustificada imposibilidade física derivada do parcelario.- Non sendo aplicable este texto ó caso que nos ocupa; a parcelación ou subdivisión da parcela axustarase ó indicado, así como a 3.4, condicións de edificación e 3.5 plantas de edificación.- De existir patios con carácter de mancomunados reflexaranse na correspondente escritura".

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, coñece os seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento do consumo público de San Paio e Ribadavia.

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas da auga potable de consumo público pertencente ó abastecemento de San Paio.

Do Goberno Civil, comunicando incoacción establecementos públicos, con expedientes números: 84/96, 80/96, 81/96, 82/96, 83/96.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento por servizos extraordinarios prestados fóra da súa xornada laboral na Casa de Cultura, que representan un total de 220 horas, durante o período comprendido entre o 22 de Maio e o 11 de Xullo de 1995, por importe de 165.000 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación, unha vez confeccionado e exposto ó público ó Padrón de contribuíntes do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, por importe de 22.133.640 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda o aboamento da factura relativa ó quilometraxe presentada por Don José Manuel Deaño Carballal, correspondente ó mes de Decembro, por importe de 19.296 pesetas.

OFERTA SOBRE SINALIZACION VIARIA.- Coñece a Comisión Municipal de Goberno unha oferta da empresa NIGUEZ GARCIA Y ASOCIADOS S.A., de Yepes-Toledo, sobre substitución de postes de sinalización urbana no casco urbano no municipio de Ribadavia coa finalidade de substituí-los postes actuais que se atopan en mal estado, a cal sinalización segundo informa o Sr. Alcalde non supón gasto algún para o Concello; aprobando esta Comisión por unanimidade a realización dos devanditos traballos que se levarán a cabo nos mesmos lugares nos que se atopan os postes na actualidade.

Detectado un erro cometido involuntariamente nun acordo acadado por esta mesma Comisión na súa sesión ordinaria do día 29 de Xaneiro pasado, hoxe corríxese o mesmo, pois onde se acordaba concederlle unha subvención económica á Asociación Nós de San Cristovo pola súa participación no Belén viviente do último Nadal, por importe importe de 200.000 pesetas, debería dicir 210.000 pesetas.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se fixeron.

E sendo as seis e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.